

XIII Premio de Ensaio Ramón Piñeiro

Temos que estar abertos á realidade universal,
mais ocupando un lugar activo no mundo.
Galicia ten que ser algo máis que simple camiño
de tránsito das ideas e correntes alleas.

Ramón Piñeiro



BASES

Existe un pensamento desde

o momento en que existe unha lingua, unha cultura,
un xeito de vivir e de contemplar o mundo.

Ramón Piñeiro

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e a Editorial Galaxia coa, colaboración de Gas Natural Fenosa, convocan o XIII Premio de Ensaio Ramón Piñeiro.

Este premio nace en memoria do escritor e filósofo Ramón Piñeiro, na tradición do pensamento literario e o xénero de ensaio, e acóllese ao espírito que inspirou a traxectoria intelectual da persoa á que se honra, coa intención de impulsar as formas de creación e expresión do pensamento libre e democrático, a precisión e o estilo da lingua galega, o debate e a reflexión arredor dos temas varios do noso tempo.

1. Poderán participar todas as persoas que o desexen, sempre que os orixinais sexan inéditos e estean escritos en lingua galega.
2. A extensión dos orixinais abranguerá entre 200.000 e 300.000 caracteres, incluídos espazos, aínda que o xurado poderá considerar flexiblemente esta condición, conforme a calidade obxectiva da obra seleccionada. Deberanse presentar cinco copias dos orixinais en formato DIN A4 mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara.
3. O tema dos ensaios será libre, mais os traballos deberán evitar, na medida do posible, o enfoque propio da investigación especializada ou un excesivo carácter académico.
4. Os orixinais deberán enviarse por correo certificado, baixo plica, a: Editorial Galaxia, avenida de Madrid, 44, 36204 Vigo, e indicar no sobre XIII Premio de Ensaio Ramón Piñeiro.
5. O prazo para a recepción de orixinais rematará o 15 de novembro do ano 2013 e a decisión do xurado, que terá carácter inapelable, darase a coñecer no transcurso do mes de decembro.
6. Establécese un único premio de 3.000 euros que será outorgado ao ensaio que, en opinión do xurado, posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios.
7. Se ningún dos orixinais presentados reunise estes méritos ou o xurado así o considerase, o premio poderase declarar deserto.
8. A contía do premio inclúe os dereitos de autor da primeira edición do texto gañador. A partir da segunda, a explotación comercial do libro premiado xerará o 10 por cento de dereitos sobre o prezo de capa sen IVE, para o autor ou para quen el libremente determine.
9. A Editorial Galaxia publicará e comercializará o libro na súa colección “Ensaio”, e na cuberta salientará, ao par da editorial, o logotipo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e na contracuberta os logotipos das entidades colaboradoras: a Xunta de Galicia e de Gas Natural Fenosa.
10. As copias dos orixinais non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas.
11. A interpretación destas bases corresponderalle exclusivamente ao xurado, cuxos membros, en número de cinco, nomearanse de común acordo entre as entidades convocantes.
12. A presentación ao premio supón a conformidade con estas bases por parte dos participantes.

En Santiago de Compostela, 2013